

MOCIÓN PARA A COLOCACIÓN DE TÓTEMS TECNOLÓXICOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A COLOCACIÓN DE TÓTEMS TECNOLÓXICOS**, baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, estase a erradicar a cartelería en papel como medio para dar a coñecer distintas actuacións do Concello. Así, apóstase por empregar as redes sociais ou as noticias na prensa. Porén, desde o Partido Popular entendemos que estas alternativas non son suficientes, á vista de que boa parte da poboación recoñece non ter coñecemento das actividades e campañas que se organizan desde o Concello e colectivos.

En consecuencia, cremos que se deberían diversificar as vías de comunicación, para informar e chegar á cidadanía por outros medios. Por iso, pensamos que sería precisa a colocación de tótems tecnolóxicos que tivesen unhas características específicas como ser adecuados para exteriores, ter unha pantalla de dobre cara e que o seu tamaño sexa o necesario como para poder ler a información con facilidade. Loxicamente, os tótems deberán estar colocados no casco urbano e nas distintas parroquias, buscando puntos de tránsito e, á vez, de reunión da veciñanza.

Buscando a máxima optimización da comunicación, os tótems tecnolóxicos estarán xestionados desde o Concello e neles informaríase á veciñanza de toda a programación cultural, actos deportivos, campañas de concienciación (igualdade, saúde etc.), liñas de axudas do Concello e das outras administracións, información turística, teléfonos de interese etc.

Deste xeito, lograríase reducir a impresión da tradicional cartelería, conseguindo, por unha banda, o aforro de recursos públicos de maneira notable (papel, impresión, colocación, retirada etc.) e, por outra banda, diminuír o impacto medioambiental do municipio.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte



ACORDO

ÚNICO.– Instar o goberno local a instalar un novo sistema de cartelería dixital –tótems tecnolóxicos– nas diferentes parroquias de Bueu co obxectivo de trasladarlle á cidadanía, eficazmente, información de interese.